



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA XERAL REGULADORA DA ACTIVIDADE FUNERARIA

CAPITULO I DISPOSICIONS XERAIS

ARTIGO 1. AMBITO DE APLICACION

En aplicación do art. 25.2.j) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Rexime Local, en relación co art. 84 da mesma, co art. 22 do Real Decreto Lei 7/1996 de 7 de xuño e co art. 1 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais aprobado por Decreto 17 de xuño de 1955, a actividade funeraria terá a consideración de servizo de interese público e regularase no termo municipal de A Guarda pola presente ordenanza, sen prexuízo da aplicación das disposicións da Comunidade Autónoma Galega (Decreto 134/1998, de 22 de abril) e do Estado (R. Decreto 2.263/74 de 20 de xullo)

ARTIGO 2. ACTIVIDADE DE SERVICIOS FUNERARIOS

A actividade funeraria é unha actividade integral, constituída polos servizos ou prestacións básicos e complementarios.

ARTIGO 3. SERVICIOS BASICOS

1. Son os seguintes:

- * Xestións ante o médico, xulgados e Rexistro Civil e outros organismos.
- * Acondicionamento do cadáver (lavado, afeitado, taponado e amortallamento).
- * Conservación transitoria e/ou embalsamamento do cadáver.
- * Vestido e enferetramento do cadáver.
- * Subministro de cadaleito.
- * Condución do cadáver, unha vez enferetrado, dentro do termo municipal de A Guarda.

2. Os servizos básicos teñen o carácter de prestacións mínimas, conforme os usos sociais, e a conciencia cívica.

ARTIGO 4. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

1.-Son os seguintes:

- * Velatorio, que comprende instalación de capela ardente, vixilancia do cadaleito e o seu acompañamento.
- *Boato interior: flores e mesa de sinaturas.
- *Boato exterior: recordatorios-impresos, e esquelas en prensa.
- * Xestións perante a Igrexa Católica ou outras organizacións relixiosas.
- * Axenciado de sepulturas.
- * Tanatopraxia.
- * Cremación.
- * Transporte a outros municipios de persoas falecidas en A Guarda.
- * Outros servizos ó uso.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

2.-Os servizos complementarios serán prestados, no seu caso, de acordo co que os interesados conveñan coas empresas funerarias.

ARTIGO 5. EXERCICIO DA ACTIVIDADE FUNERARIA (modifícase este art. quedando coa seguinte redacción)

1.-A actividade funeraria poderá ser exercida libremente no termo municipal de A Guarda por tódalas persoas, físicas e xurídicas, que soliciten e obteñan do Concello de A Guarda a correspondente autorización previa, de acordo co disposto na presente ordenanza.

2.-Dita autorización terá carácter regulado e outorgarase a todo solicitante que reúna os requisitos previstos nesta Ordenanza e demais normativa que lle sexa de aplicación ós servizos funerarios.

3.-O solicitante de autorización para exercicio da actividade funeraria, **con ou sen establecemento**, deberá acompañar necesariamente á solicitud a documentación seguinte, en todo caso:

- a) Certificado de estar domiciliada legalmente nun termo municipal.
- b) Estar provista de autorización de transporte funerario, tarxeta V.F., expedida pola Comunidade Autónoma para cada un dos vehículos cos que se pretenda exercer a actividade
- c) Certificado médico de defunción, salvo nos casos de intervención xudicial ou cadáveres de persoas falecidas por causa radioactiva ou infecciosa, que supoñan risco sanitario, como o cólera, carbunco ou aquelas outras que, no seu momento, poda determinar a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, cando excepcionais circunstancias epidemiolóxicas o fagan necesario, no que poderá procederse ó transporte inmediato e directo ó domicilio do difunto, tanatorio ou lugar autorizado, polo órgano correspondente.

No caso de exercicio da actividade funeraria con establecemento no termo municipal, engadirase ademais:

- 1.- Licencia de enterramento.
- 2.- Cadro de prezos dos servizos que se pretende prestar e compromiso de comunicar ó concello calquera modificación que se produza naquel.
- 3.- Follas de reclamacións para o seu selado polo Concello, que deberá manterse permanentemente a disposición dos clientes da empresa e dos servizos municipais de inspección.

As empresas funerarias que pretendan non só operar, senón tamen establecerse dentro do termo municipal, deberán ademais, solicitar e obter previamente, a preceptiva licencia de actividade ou apertura e obra no seu caso, tra-la acreditación de que cumpren a presente Ordenanza e demais normativa de xeral aplicación na materia, tal como contempla no Capítulo seguinte. Neste caso a autorización entenderase incluída na licencia de actividade ou apertura.

ARTIGO 6. ENTIDADES EXCLUIDAS DA ACTIVIDADE

Sempre que se cumpra co articulado desta Ordenanza, poderán exercer a actividade funeraria todas as persoas físicas ou xurídicas que obteñan a correspondente licencia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

CAPITULO II

LICENCIA PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE FUNERARIA CON ESTABLECEMENTO

ARTIGO 7. REQUISITOS PARA SOLICITAR LICENCIA.

O solicitante de licencia para o exercicio da actividade funeraria con establecemento deberá acompañar necesariamente a solicitud unha memoria explicativa dos medios persoais e materiais a utilizar e un proxecto asinado por técnico competente e visado polo colexio profesional correspondente, no que describirá con detalle as obras e instalacións do tanatorio afectas a actividade.

ARTIGO 8. CONCEPTO B INSTALACIONES DO TANATORIO.

1.-Enténdese por tanatorio o conxunto de instalacións necesarias para o depósito e conservación de cadáveres, sala para a exposición, tanatosalas para velación do cadaver previa a inhumación ou cremación, dependencias para a autopsia e tanatopraxia, almacen de cadaleitos, armarios-frigoríficos, dependencias para atender ó público, oficinas administrativas, vestiarios e aseos, e local para a garda de vehículos da empresa. O tanatorio pode estar dotado de forno crematorio.

2.-Calquera proxecto de tanatorio a presentar perante o Concello de A Guarda, debe suxeitarse a estes parámetros:

A) Características mínimas

Catro salas velatorio. Cada unha delas disporá de dous espazos diferentes, separados mediante cristaleira. Un espazo e para familiares e achegados; o outro é para ó túmulo no que se exporá o cadaver, contando cos dispositivos necesarios para manter unha temperatura máxima de 4°C

A entrada e circulación de cadaveres sera independente da reservada para acceso peonal de visitantes.

Unha sala de preparación de cadaveres

Unha sala de exposición de cadaleitos.

Dous armarios-frigoríficos.

Un almacén para albergar necesariamente stock de cadaleitos en cantidade equivalente ó 10% dos falecementos acontecidos en A Guarda durante a ano anterior. O stock debe manterse pola empresa en todo momento durante a ano.

Dependencias para atención ó público, que permaneceran abertas; durante tódalas horas do día e todos os días do ano.

Oficinas administrativas.

Vestiarios e aseos.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Local para a garda de vehículos da empresa.

O tanatorio deberá dispoñer dos medios necesarios para a lavado e desinfección de vehículos e estar acondicionado para que as augas de lavado sexan arrastradas os sumidoiros sen deixar residuos. O chán estará impermeabilizado.

B) Condicións urbanísticas:

a) O tanatorio ubicarase dentro do termo municipal de A Guarda en solo permisible polo Plan Xeral de Ordenación Urbana.

b) O tanatorio instalarase en edificio aillado e exclusivo, En consecuencia a usa do tanatorio non é compatible co de vivendas e actividades agás as relacionadas cas de funeraria.

c) Xunto as instalacións do tanatorio, o proxecto deberá prever unha zona para aparcamento de dous vehículos por cada sala-velatoria proxectada.

d) A estes efectos o proxecto das instalacións deberá incorporar, ademais do preceptivo plano de situación, un plano a escala 1:100 no que quedarán claramente reflectidas as condicións anteditas.

C) Dotación de medios:

Para exercer-la actividade funeraria no municipio de A Guarda é tamén requirírásisito indispensable que o empresario dote ó tanatorio dos medios mínimos seguintes:

a) Medios personais:

Os empregados deberán estar dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, convenientemente identificados e disporán de vestiario e material de traballo adecuado e prendas exteriores protectoras. As roupas e efectos non desbotables deberan ser lavados e desinfectados debidamente.

O se solicita-la licenza municipal de actividade, explicaranse na memoria do proxecto de instalacións do tanatorio os postos laborais e cobertura dos mesmos de sorte que os servizos sexan prestados durante tódalas horas do día e tódolos días do ano.

O Concello de A Guarda poderá inspeccionar en calquera momento o cumprimento destes requisitos pola empresa funeraria, que ven obrigada a facilita-los datos necesarios para a súa comprobación.

b) Medios materiais:

Son os vehículos funerarios, cadaleitos, medios para a limpeza e desinfección dos vehículos, enseres, roupas; e demais material funerario necesario para a prestación dos servizos.

A empresa disporá en todo momento de vehículos funerarios aptos para ó servizo.

O vehículo funerario é un vehículo especialmente acondicionado para a conducción ordinaria e o traslado de cadáveres. Terá as seguintes características:

* A separación ou distancia, a contar dende a final da cabina do conductor ata a parte traseira do vehículo, será alomenos de 2,25 metros lineais.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

* O habitáculo para o cadaleito será construído con material impermeable en alto grao, a poder ser en aceiro inoxidable para permitir un rápido e efectivo lavado e desinfección.

Os elementos de adorno deberán igualmente ser impermeables e susceptibles dun rápido lavado e desinfección.

* A autorización do vehículo para a posta en servizo corresponde o Servizo Sanitario Provincial da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, sen prexuízo do cumprimento doutras disposicións na materia tales coma a necesidade de contar o vehículo coa tarxeta da clase VF.

c) Stock mínima de cadaleitos

A empresa disporá en todo momento dun stock de cadaleitos equivalente o 10% dos falecementos habidos no municipio de A Guarda durante o ano anterior e dende o primeiro día do comezo do exercicio da actividade.

O cadaleito reunirá, como mínimo, os requisitos do art. 8 do Decreto 108/1983, de 14 de xullo, da Consellería de Sanidade.

ARTIGO 9. LICENCIA MUNICIPAL DE INSTALACION DE TANATORIO PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE FUNERARIA.

Outargarase, no seu caso, a Licencia Municipal de Instalación de Tanatorio para o exercicio da actividade funeraria, seguindo a Administración o procedemento especial previsto no Regulamento de Actividades Malestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado por Decreto 2414/1961 de 30 de novembro

ARTIGO 10. COMEZO DO EXERCICIO DA ACTIVIDADE

Non poderá comezarse a exercer a actividade funeraria mentres; non se obteña a comprobación favorable da realización das instalacións do tanatorio polos servizos municipais do Concello de A Guarda, conforme os arts. 34 e sucesivos do Decreto de 30 de novembro de 1961 sinalados.

ARTIGO 11. LICENCIA DE OBRAS

A obtención da licencia de instalación para o exercicio da actividade funeraria regulada nos artigos precedentes, non dispensa os titulares da mesma do deber de solicitar e obter a licencia de obras.

A autaridade municipal procurará outargar, no seu caso, simultaneamente as licencias de instalación e de obra a empresa solicitante..

CAPITULO III

FUNCIONAMENTO DAS EMPRESAS FUNERARIAS

ARTIGO 12. REXIME DE PREZOS.

Os prezos a aplicar anualmente polas empresas autorizadas no municipio de A Guarda, deberán ser comunicados previamente por éstas o propio Concello; e deberán ser expostos no taboleiro de anuncios de cada empresa para coñecemento dos usuarios.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ARTIGO 13. SITUACIONES DE EMERXENCIA.

En caso de catástrofes, as empresas funerarias estarán obrigadas a poñer tódolos seus medios e instalacións a disposición das autoridades, que poderán xirar instrucións directas o persoal.

ARTIGO 14. LIBRO DE RECLAMACIONES.

Cada empresa funeraria terá a disposición dos usuarios e do público un libro de reclamacións, selado pola Alcaldía. O libro poderá ser examinado en calquera momento polos axentes da Autoridade gubernativa, sanitaria e municipal.

ARTIGO 15. REXISTRO DE SERVICIOS.

Cada empresa funeraria levará un cumprido rexistro dos servicios prestados a efectos estadísticos do Concello, distinguindo entre as inhumacións realizadas dentro do municipio de A Guarda e as conduccións e traslados fora do mesmo.

ARTIGO 16. HORARIO DE ENTERROS.

As empresas funerarias suxeitaranse o horario de enterros que fixe a Autoridade municipal.

ARTIGO 17. ACTIVIDADE FUNERARIA DENTRO DO TERMO DE A GUARDA

A actividade funeraria dentro do termo de A Guarda sómente poderá realizarse en empresas funerarias autorizadas polo Concello conforme o Capítulo II.

ARTIGO 18. CONDUCCIONS E TRASLADOS DENDE A GUARDA A OUTROS MUNICIPIOS OU VICEVERSA

Calquera empresa funeraria poderá transportar un cadaver dende A Guarda a outro municipio, ou viceversa, sempre que cumpra as seguintes condicións:

Que conte con autorización de transporte do Estado ou da Comunidade Autónoma a que pertenza o municipio onde esté establecida, sempre que aquela asumise esta competencia.

Que os seus vehículos funerarios contén con autorización dos Ministerios de Industria e Enerxía e de Sanidade e Consumo.

Que previamente realizaran as prestacións básicas a que se refire o art. 3.1 desta Ordenanza, previa obtención da correspondente autorización municipal contemplada no seu art. 5.

ARTIGO 19. DEREITOS ECONOMICOS.

Previamente a expedición dos documentos de licenza de actividade e obra, o petionario deberá satisfacer os dereitos económicos na forma que regulen as correspondentes ordenanzas municipais.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

CAPITULO IV

ARTIGO 20. DEBER DE COLABORACION

Os centros hospitalarios, clínicas e residencias da 3ª idade deberán poñer de inmediato o feito do falecemento en coñecemento do Concello e esixir a empresa funeraria a que lle encomenden o servizo a exhibición da correspondente autorización municipal, previamente a que aquela realice as prestacións básicas.

CAPITULO V

INSPECCION, FALTAS E SANCIONS

ARTIGO 21. INSPECCION MUNICIPAL

O Concello podera inspeccionar as obras e instalacións do tanatorio e o desenvolvemento da actividade de calquera empresa funeraria radicada no termo de A Guarda a luz desta Ordenanza e doutras normas aplicables.

O Concello de A Guarda poderá inspeccionar tamén os vehículos funerarios, cadaleitos e persoal conductor das empresas funerarias que, procedentes doutros municipios, transiten polo termo de A Guarda por conducción ou traslado de cadáveres e restos cadavéricos a este municipio.

As inspeccións a que se refire o parágrafo anterior, axustaranse as normas xerais aplicables da Comunidade Autónoma de Galicia, Real decreto 2263/1974 de 20 de xullo, Regulamento estatal de policía sanitaria mortuoria, e outras disposicións.

7

ARTIGO 22. FALTAS.

1.- As infraccións que podan cometerse no exercicio da actividade funeraria regulada nesta Ordenanza, clasifícanse en faltas leves, graves e moi graves, atendendo os criterios de intencionalidade ou culpabilidade, risco ou dano para a saúde, prexuízo do servizo e reiteración.

2.- Consideranse faltas leves as seguintes:

- a) A falta de limpeza e condicións hixiénicas dos vehículos, locais, enseres propios do servizo, cando pola súa escasa importancia non supoñan perigo para a saúde.
- b) Defecto de ata o 10% no stock de cadaleitos.
- c) Alteración das instrucións dadas polos clientes a empresa e que, non afecten os elementos esenciais da prestación do servizo.

3.- Consideraranse faltas graves as seguintes:

- a) Deficiencia ou falta de elementos ou prendas protectoras do persoal que manipule os cadáveres e que non sexan motivo de perigo hixiénico-sanitario.
- b) Prestación deficiente, omisión de servizos básicos ou complementarios.
- c) Falta de funcionamento permanente da oficina de despacho o público.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

- d) Defecto de mais do 10% no stock permanente de cadaleitos.
- e) A prestación de servizos con vehículo non autorizado.
- f) Non dispoñer das follas de reclamacións; non facilitalas os clientes ou non exhibilas os axentes municipais ou da inspección sanitaria cando o requiran.
- g) Reiteración de falta leve.
- h) Non facilitar o Concello os datos estatísticos do rexistro de servizos efectuados pola empresa.
- i) Non remiti-las tarifas de prezos o Concello. Non publica-los prezos no taboleiro da empresa.
- j) A desconsideración grave os usuarios ou os axentes da autoridade.
- k) Incumprimento dos requirimentos formula-dos pola Autoridade municipal
- l) Incumprimento de disposicións administrativas ou sanitarias.

4.-Consideranse faltas moi graves:

- a) A reiteración de falta grave.
- b) A aplicación de tarifas superiores as autorizadas.
- c) A negativa absoluta a prestar colaboración os axentes da autoridade municipal.
- d) As ameazas ou coaccións ó persoal municipal en servizo.
- e) Incumprimento de disposicións administrativas e sanitarias e xudiciais aplicables o tratamento sanitario e traslado de cadáveres.
- f) O incumprimento por parte dos centros hospitalarios, clínicas e residencias da 3ª idade, das obrigas contidas no art. 20.
- g) A falsidade na declaración responsable a que se refire o art. 5 da Ordenanza.
- h) Operar dentro do termo municipal de A Guarda clandestinamente, sen contar coa licenza ou autorización, no seu caso.

ARTIGO 23. SANCIONS

As faltas leves serán sancionadas pola Alcaldía con multa de ata un máximo de 25.000.- ptas.

As faltas graves serán sancionadas pola Alcaldía con multa de 25.001 ptas. a 150.000 ptas. e as moi graves con multa de 150.001 ptas. a 300.000 ptas.

ARTIGO 24. OUTRAS ACTUACIONES.

A Alcaldía poderá previo procedemento ó caso, sancionar as empresas funerarias coa suspensión temporal ou coa retirada definitiva da licenza de actividade ou da autorización municipal no seu caso, conforme o Regulamento de Actividades Molestas.

DISPOSICION ADICIONAL UNICA. CONTRATACION DE SERVICIOS

Os servizos funerarios necesariamente contrataranse con empresa funeraria autorizada polo Concello de A Guarda, coa particularidade do art. 18 sobre transporte de cadáver a outro municipio. O contrato formalizarase na sede ou oficinas da empresa.

De non se subscribir documento, prestaranse soamente os servizos básicos, que haberán de ser satisfeitos a empresa funeraria por aqueles que en vida tiveran a obriga de alimentar o agora falecido, en aplicación do art. 1894 C. Civil.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O concello sufragará o custo dos servizos básicos os indixentes falecidos no seu termo municipal conforme o art. 9 do Regulamento de Policía Sanitaria 2.263/74 do 20 de xullo.

DISPOSICIONS TRANSITORIAS UNICA. REFORMA, AMPLIACION OU TRASPASO

Non se concederán licencias de reforma, ampliación nin traspaso das instalacións, a non ser que antes se adecuaran éstas as esixencias da presente ordenanza, coa excepción das esixencias que teñan un contido imposible de cumprir.

DISPOSICION FINAL

A presenta ordenanza comezará a rexir o día seguinte de transcorre-los quince hábiles da publicación da mesma no Boletín Oficial da Provincia, conforme o art. 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril.